

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 8 de xuño de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos a vinculacións temporais na área especial de urxencias do 061 na categoría de persoal de enfermaría (DUE).

A incorporación de novas persoas aspirantes da citada categoría e área especial foi formalizada por resolución deste centro directivo do 24 de marzo de 2010 (DOG nº 77, do 26 de abril).

Facendo uso das atribucións conferidas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio (DOG nº 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta Dirección de Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.-Darlle publicidade ás listaxes provisionais da categoría de persoal de enfermaría (DUE) na área especial de urxencias do 061, de acordo co establecido na norma xeral 6.1.2 do pacto sobre selección temporal (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004) e co punto sétimo da Resolución do 24 de marzo de 2010, incluíndo a relación de persoas aspirantes admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e as excluídas coa indicación da causa de exclusión.

Segundo.-Estas listaxes provisionais serán publicadas nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde e dos centros asistenciais dependentes delas, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro.-Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Anuncio do 28 de maio de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, pola que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefe de cociña deste centro.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas

polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefe de cociña deste centro.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de vinte días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG .

Pontevedra, 28 de maio de 2010.

José Manuel González Álvarez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Anuncio do 28 de maio de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefe de grupo adscrito á dirección deste centro.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de tres postos de traballo vacantes no Complexo Hospitalario de Pontevedra, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario, e na Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a xerencia xeral, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve adjudicar o posto convocado á persoa que se indica no anexo desta resolución.

Pontevedra, 28 de maio de 2010.

José Manuel González Álvarez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

ANEXO

Posto de traballo: xefe de grupo adscrito á dirección.
Nome e apelidos:
-López Álvarez, Montserrat. DNI 35320152-H.